

Índice

<u>Datos xerais do centro</u>	2
<u>Obxectivos xerais</u>	3
<u>Plan do equipo directivo</u>	5
<u>Programación dos distintos ciclos e equipos</u>	7
<u>Organización do centro</u>	18
<u>Organización de recursos</u>	23
<u>Programación anual de actividades complementarias e extraescolares</u>	25
<u>Listado de libros de texto</u>	26
<u>Plan para a realización do transporte escolar e o regulamento da organización do servizo de comedor escolar</u>	28
<u>Presuposto anual do centro</u>	32

Nota: Co fin de aforrar papel e tóner para contribuír á mellora ambiental, evitamos duplicar os horarios neste PXA xa que xa foron remitidos a esa inspección nos documentos de organización de centro, a mais de estar accesibles na aplicación xadeweb.

1.- Datos xerais do centro

Denominación: C.E.I.P. Condessa de Fenosa
 Titularidade: Público
 Nº código de centro: 32015116
 Municipio (Localidade): O Barco de Valdeorras
 CP: 32300
 Tfno: 988 321 060
 Fax: 988 325 969
 Enderezo: Rúa Coruña, 24
 Provincia: Ourense
 Enderezo electrónico: ceip.condessa.fenosa@edu.xunta.es
 Páxina Web: <http://centros.edu.xunta.es/ceipcondesadefenosa>

<i>Nivel ou Especialidade</i>	<i>Composición xurídica</i>	<i>Composición real</i>
Educación infantil	8	8
Ensino primario	12	12
Pedagogía Terapéutica	2	4
Audición e Linguaxe	1	2
Música	1	2
Inglés	2	2
Francés	1	1
Educación Física	2	2
Relixión		2
Orientación	1	1
Lingua e Cultura Portuguesa		1
TOTAL	30	37

Nº total alumnos	392
Nº alumnos ensino infantil	112
Nº alumnos ensino primario	280

2.- Obxectivos xerais do centro

1. Desenvolver a personalidade d@s [alumn@s](#) para o que fomentaremos a capacidade de observación, discernimento e enxuizamento crítico sobre todo fronte dos medios de comunicación.
2. Formación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e no exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia, fomentando, para iso, a participación do alumnado en coloquios e debates nos que manifesten as propias ideas e respecten as dos demais.
Pretendemos que o alumnado aprenda a respectar:
 - ✓ Na aula: solicitando e respectando a quenda de palabra establecido
 - ✓ Nos corredores e dentro do colexio: a orde nas filas, evitando berros, carreiras, etc...
 - ✓ No patio: as instalacións deportivas, os enreixados, os espazos verdes, procurando mantelo limpo co uso das papeleiras.
1. Desenvolver hábitos intelectuais e técnicas de traballo , así como coñecementos científicos, técnicos, humanísticos, históricos e estéticos, desenvolvendo técnicas de subliñado, esquemas, resúmenes, apuntes e toma de notas que faciliten a adquisición de contidos.
2. Formar no respecto á pluralidade lingüística e cultural así como para a paz, a cooperación e a solidariedade entre os pobos.
3. Potenciar o respecto ao entorno e á conservación do medio ambiente, fomentando actitudes ecolóxicas de aforro de materias primas e enerxía.
4. Aprender a usar, gozar e coidar dos bens e servizos comúns, sentindo o gusto e a satisfacción polo bo cumprimento das normas de circulación e do transporte público e privado.
5. Coñecer as mensaxes básicas da circulación viaria.
6. Recoñecer e tomar conciencia dos problemas viarios e das situacións de risco que poidan xerar, desenvolvendo unha actitude crítica cara comportamentos incívicos.
7. Descubrir e dar prioridade ao valor do ser, fronte ao valor de ter na toma de decisións sobre o consumo
8. Garantir unha autonomía persoal fronte ao consumismo
9. Aprender a usar, gozar e coidar dos bens que se posúen ou que se consumen, recoñecendo a súa utilidade real para a vida.
10. Ser quen de ler e interpretar criticamente as estratexias de venta e en concreto as mensaxes publicitarias nos seus compoñentes verbais e icónicos distinguindo a súa veracidade e poder actuar libremente fronte deles.
11. Recoñecer e sensibilizarse coas persoas e pobos que carecen dos recursos básicos mostrando unha actitude xenerosa e solidaria.
12. Desenvolver e afianzar hábitos autónomos de coidado e de saúde persoal, así como o gusto pola actividade física.
13. Capacitar aos alumnos/as para participar activa e responsablemente na creación e xestión da súa propia saúde.
14. Descubrir e interiorizar a propia realidade sexual como medio para relacionarnos e comunicarnos.
15. Reforzar a autonomía e a auto-estima como bases para construír un proxecto de vida saudable.
16. Recoñecer situacións de perigo ou risco para a nosa saúde, sendo capaces de enfrontarse a elas.
17. Coñecer os recursos naturais básicos e os factores que inflúen positiva ou negativamente no medio ambiente da bisbarra de Valdeorras.

18. Descubrir que a nosa colaboración e unha actitude de respecto é o punto de partida para manter, restablecer e mellorar o medio ambiente.
19. Propiciar normas, criterios e orientacións para a solución dos problemas do medio ambiente máis próximo (aula, centro, pobo) o que derivará nunha mellora na saúde.
20. Participar activamente na conservación da natureza a través de actividades de redución, reutilización, reciclaxe e non contaminación dos recursos básicos (papel, auga...)
21. Participar nos programas de recuperación do medio ambiente máis significativos para @s [alumn@s](#) promovidos por distintas institucións (Semana da Natureza, Voz Natura, Xardín e Horta escolar...)
22. Descubrir, potenciar e desenvolver a totalidade das potencialidades ou capacidades persoais, sen se deixar influír ou mediatizar por ningún tipo de condicionante ou de limitación de carácter sexista, cultural, racial ou físico.
23. Aceptar, respectar e valorar as características e calidades doutras persoas sen deixarse influír por ningún tipo de actitude discriminatoria en relación co sexo, ou con calquera característica diferencial.
24. Ser capaces de identificar e de realizar unha análise crítica de todas as manifestacións sexistas ou discriminatorias que se producen na linguaxe cotián, no ámbito social e cultural e, en concreto, nas mensaxes (icónicas e verbais) que nos transmite a publicidade e, en xeral, os medios de comunicación.
25. Canalizar a agresividade da persoa cara o ben e o pensamento positivo.
26. Desenvolver a sensibilidade, afectividade e tenrura no encontro coas persoas que nos rodean.
27. Sentir a satisfacción que produce a relación de confianza, de respecto e colaboración cos demais.
28. Construír e potenciar unhas relacións de diálogo, paz e harmonía no ámbito escolar e, en xeral, nas nosas relacións cotiás.
29. Recoñecer situacións de conflito, sendo capaces de tomar decisións para solucionarlas de forma creativa, fraternal e non violenta.
30. Desenvolver o interese na diversidade de persoas e culturas, actuando sempre cunha actitude aberta, respectuosa e tolerante.
31. Coñecer e potenciar os dereitos humanos.
32. Coñecer e colaborar coas ONGs na loita contra a miseria e a inxustiza no mundo.

3.- Plan do equipo directivo

Durante o presente curso continuaremos traballando na adaptación dos documentos do noso colexio ás novas normativas educativas e de xestión do centro.

Deste xeito seguiremos elaborando as programacións de ciclo (neste ano as correspondentes ao 3º ciclo de primaria) e esperamos poder seguir deseñando materiais didácticos ao través dun proxecto de formación en centros.

Continuamos no **plano de mellora de bibliotecas (PLAMBE)** e co proceso de implantación da **axenda 21 escolar de Galicia**. En ambos os dous casos, pensamos que se poidan establecer grupos de traballo que se encargarán da elaboración das propostas de actividades para a posta en práctica destas iniciativas.

No ámbito das TICs, a maiores da aula de informática, que seguiremos potenciando a súa utilización polo profesorado, pensamos dotar a todas as aulas cando menos cun computador. Así mesmo se colocarán proxectores na aula de idiomas e na biblioteca, e instalarase unha zona wifi na ampliación do edificio que aínda non está equipada con acceso a internet por cable, así como na biblioteca.

Seguimos sen ter a posibilidade horaria de garantir as 4 horas lectivas de redución do horario pactadas entre Xunta e sindicatos, e sen poder cubrir como desexaríamos as necesidades de apoios ao alumnado con maiores dificultades de aprendizaxe.

Traballaremos, xa que logo, por facer patente á administración as necesidades reais do noso centro para ofrecermos o ensino de calidade que pretendemos acadar.

Tampouco contamos con apoio para facer fronte a todos os trámites administrativos (Comedor, libros de texto, matrículas...) que só grazas ao voluntarismo poden ser resoltos nos prazos axeitados. A adscrición dun administrativo, aínda que fose compartida entre varios centros da zona, sería dunha grande axuda para levar a cabo as tarefas burocráticas, e por esta razón demandaremos da administración educativa a dotación destes profesionais aos centros.

A seguir detallamos outros obxectivos referidos a diferentes ámbitos de traballo para este curso escolar:

Obxectivos curso escolar 2009-2010	
Ámbito pedagóxico	<p>Continuar fomentando o uso da Biblioteca escolar</p> <p>Favorecer as actividades de promoción e animación á lectura</p> <p>Potenciar a formación do alumnado nas novas tecnoloxías</p> <p>Estimular o aprecio e a defensa da natureza mediante, entre outras accións, a compostaxe, a separación de residuos, a plantación de árbores e a participación en Voz Natura e na axenda 21 escolar</p> <p>Continuar co proxecto de anticipación da primeira lingua estranxeira en infantil .</p> <p>Desenvolver un plan de acompañamento escolar (PROA) que garanta a igualdade de oportunidades a todo o alumnado do centro</p> <p>Constituír a Comisión de avaliación de diagnóstico e realización das probas</p> <p>Constitución dunha comisión para a prevención e as actuacións derivadas da pandemia de Gripe A.</p>

Obxectivos curso escolar 2009-2010

Ámbito organizativo	<p>Capacitar a todo o profesorado no programa de xestión informática da biblioteca escolar. Dotar de ordenadores para a procura de información á biblioteca</p> <p>Actualizar o plano de auto-protección, realizando un programa de evacuación específico para o comedor escolar</p> <p>Reforma do horario escolar co fin de engadir unha sesión común a todo o colexio de 15 min. diarios de lectura silenciosa sostida.</p> <p>Optimizar o aproveitamento dos recursos por parte de toda a comunidade escolar</p> <p>Continuar co carné escolar por puntos, como medida para mellorar a convivencia.</p> <p>Continuar desenvolvendo o programa das patrullas verdes para acadar, por parte do alumnado, unha actitude respectuosa cara o medio</p>
Ámbito institucional	<p>Dotación da biblioteca e das aulas específicas de idioma estranxeiro e música.</p> <p>Diminuír o tamaño dos xardíns do patio e agrandar a zona deportiva.</p> <p>Solicitar ao Concello a instalación urxente de marquesiñas nas paradas do transporte escolar.</p> <p>Solicitar ao Concello a instalación dun parque infantil na zona de Ensino Infantil.</p> <p>Solicitar axudas a distintas institucións.</p>

4.- Programación dos distintos ciclos e equipos

4.1.- Ciclo de Ensino Infantil

Compoñentes do ciclo:

Yebra Pimentel, Fe
Tato Vega, Andrea
Pardo Capón, Rosa M^a
Moreira Graña, Marta
Delgado Delgado, Cristina (Coordinadora)
González González, Sonia
Domínguez García, Diana

González Eiroa, M^a Remedios

Outro profesorado que intervén:

García Suárez, Francisco José (EM)
Álvarez Fernández, Mirian (FI)
Gómez Alvite, M^a José (ER)
Fernández Sueiras, M^a Carmen (AL)
Martín Cruz, M^a José (PT)

A educación infantil é unha etapa fundamental no desenvolvemento dos nenos/as, importante de seu, e diferente ás demais, o que determina que o noso labor pedagóxico se centre nos seguintes tres obxectivos:

- x Que o neno/a veña contento á escola
- x Que aprenda dun xeito lúdico
- x Que as aprendizaxes partan dos intereses do neno/a
- x Para acadar aprendizaxes significativas e unha maior motivación por parte do alumnado, decídese basear a metodoloxía nos traballos por proxectos atendendo así aos intereses dos nenos e nenas e logrando unha maior participación e implicación dos pais e nais no proceso educativo dos seus fillos e fillas.

Tendo como referentes os anteditos puntos, fixémonos como **obxectivos xerais**, a acadar ao longo do ciclo, os seguintes:

- Socializarse cos compañeiros e os mestres
- Realizar con autonomía os actos de limpeza e hixiene persoal
- Valoración positiva de si mesmo e dos demais
- Valorar e respectar as normas básicas de convivencia
- Empregar linguaxe oral para comunicarse cos demais cun vocabulario preciso e unha pronuncia correcta
- Crear unha actitude positiva cara o coñecemento, coidado e respecto do entorno natural próximo
- Desenvolver a súa capacidade artística (xestual, musical, plástica...) fomentando a súa creatividade e imaxinación
- Iniciar o proceso lecto-escritor
- Desenvolver progresivamente o proceso lóxico-matemático
- Desenvolver o interese polo pracer que produce a consecución dos obxectivos anteriores e o avance ao pasar polos diferentes niveis.
- Avanzar no desenvolvemento motor (fino e grosso)
- Iniciar o contacto cunha lingua estranxeira (Inglés)
- Iniciarse nas competencias básicas a través dos distintos proxectos.

Programación do período de adaptación para o curso 2009-2010

Xuño 2010	<p>Alumnado:</p> <p>Realizarán unha primeira visita os alumnos de novo ingreso acompañados polos seus pais/nais</p>	<p>Pais e Nais:</p> <p>Terán unha breve reunión informativa co profesorado sobre o período de adaptación Daráselles, así mesmo, unha información por escrito sobre determinados aspectos relativos á escolarización dos seus fillos/as.</p>
------------------	---	---

Programación do período de adaptación para o curso 2009-2010

Setembro 2009

Nenos/as de 3 anos:
Durante o período de adaptación os nenos/as asistirán ao colexio en dúas quendas:

	Do 10 ao 18	Do 21 ao 25
Primeira quenda	10:00 a 11:30	10:00 a 13:00
Segunda quenda	12:00 a 13:30	10:00 a 13:00

Nenos/as de 4 e 5 anos:
Farase un período de adaptación individualizado atendendo ás súas necesidades

Pais e Nais:

Nos primeiros días de setembro terá lugar unha reunión co equipo docente de ensino infantil, onde se lles dará o horario dos nenos en período de adaptación, así como o nome do seu titor/a. Durante o período de adaptación os profesores manterán entrevistas individualizadas cos pais/nais.

Saídas e actividades culturais

Visitar o contorno: clínica veterinaria, estación do ferrocarril, bombeiros, o mercado, o río, a radio e o hospital comarcal.

En maio acudirá todo o ciclo á convivencia de Educación Infantil

Data de reunión cos pais/nais

Martes 20 de outubro ás 17:15 h.

4.2.Primeiro Ciclo de Ensino Primario**Compoñentes do ciclo:**

Varela Gómez, Rosa
Ochoa Ochoa, Aurea
García Fernández, M^a Del Carmen
Moldes Cobelas, M^a Encarnación
López Rielo, Ana M^a
Freixeiro Álvarez, Xoaquín Carlos (EM)
Santas Rodríguez, M^a Pilar (EF)
Ferreira de Oliveira, Joaquim (LCP)

Outro profesorado que intervén:

Gómez Vidal, Manuel Francisco (FI)
Álvarez Fernández, Mirian (FI)
Martínez Asenjo, Nicolás (ER)
Ferreira de Oliveira, Joaquim (LCP)
Fernández Sueiras, M^a Carmen (AL)
Barroso Álvarez, Marta (AL)
Pestaña Barredo, M^a Ángeles (PT)
Martín Cruz, M^a José (PT)
López Pájaro, Marta (PT)
Rodríguez Freire, M^a Luz (PT)

Obxectivos do Ciclo

- Fomentar as relacións entre compañeiros/as e a solidariedade entre eles.
- Fomentar hábitos de autonomía, responsabilidade e esforzo persoal.
- Aceptar as regras e normas de convivencia que se establezan, e asumir as responsabilidades individuais que correspondan.
- Adquirir unha imaxe axustada de si mesmo e os outros, valorando as diferencias individuais.
- Estimular a resolución de conflitos por medio do debate e o consenso
- Adquirir as competencias básicas que nos permitan conseguir os obxectivos mínimos establecidos no ciclo.
- Habilitar un tempo determinado para a lectura, fomentando o hábito lector compartido e o gusto pola lectura
- Comprometerse de forma activa no coidado do noso contorno, determinando problemas, elaborando propostas e asumindo os compromisos alcanzados.
- Fomentar o uso responsable e crítico das TICs, valorándoas como xeradoras e transmisoras de coñecemento e comunicación.

Saídas e actividades culturais

O 1º curso acudirá ao Punto Limpo e á biblioteca municipal
 O 2º curso irá á panadería e a unha empresa adicada á colleita e elaboración de castañas
 Diferentes saídas pola localidade
 Excursión de fin de curso
 Todas as que se consideren convenientes ao longo do ano.

Data de reunión cos pais/nais

Martes 20 de outubro ás 17:00 h.

4.1.Segundo Ciclo de Ensino Primario**Compoñentes do ciclo:**

Ares Rodríguez, Mª Consuelo
 Vázquez Álvarez, David D.
 Puente Murias, Elisa
 González Rodríguez, Mª Consuelo
 Rodríguez Centrón, Modesto (EF)
 Álvarez Fernández, Mirian (FI)
 Martínez Asenjo, Nicolás (ER)

Outro profesorado que intervén:

Gómez Vidal, Manuel Francisco (FI)
 Freixeiro Álvarez, Xoaquín (EM)
 Ferreira de Oliveira, Joaquim (LCP)
 Fernández Sueiras, Mª Carmen (AL)
 Barroso Álvarez, Marta (AL)
 Pestaña Barredo, Mª Ángeles (PT)
 Martín Cruz, Mª José (PT)
 López Pájaro, Marta (PT)
 Rodríguez Freire, Mª Luz (PT)

Obxectivos do Ciclo

- Reforzar as normas que rexen as situacións de diálogo e as conversas de grupo
- Crear un clima de convivencia harmonioso no colexio, baseado no respecto, no diálogo e na interiorización das normas.
- Valorar e gozar do seu contorno máis próximo (aula, colexio, pobo...) participando no seu coidado e conservación, especialmente no aspecto ambiental
- Adquirir hábitos de estudo e traballo na casa, coa colaboración dos pais, que axude a consolidar as aprendizaxes de aula.
- Reforzar a orde e a disciplina nas filas, clases e espazos comúns do colexio
- Reforzar as normas básicas de hixiene para a prevención de enfermidades

Saídas e actividades culturais

3º acudirá á oficina de Correos da localidade e ao Centro Comarcal
 4º visitarán a Cooperativa Vitivinícola e a Casa do Concello
 Diferentes saídas culturais pola localidade e todas aquelas que poidan xurdir ao longo do curso
 Excursión de fin de curso

Data de reunión dos pais/nais

Mércores 21 de outubro ás 17:00h.

4.4. Terceiro Ciclo de Ensino Primario

Compoñentes do ciclo:

García Suárez, Francisco José
 Pereiro González, M^a del Camino
 Moldes Carriba, M^a Concepción
 Arias Prada, Luísa
 Pérez Lemos, Francisco
 Gómez Vidal, Manuel Francisco (FI)

Rodríguez Centrón, Modesto (EF)
 Martínez Asenjo, Nicolás (ER)
 Ferreira de Oliveira, Joaquim (LCP)
 Fernández Sueiras, M^a Carmen (AL)
 Barroso Álvarez, Marta (AL)
 Pestaña Barredo, M^a Ángeles (PT)
 Martín Cruz, M^a José (PT)
 López Pájaro, Marta (PT)
 Rodríguez Freire, M^a Luz (PT)

Outro profesorado que intervén:

Freixeiro Álvarez, Xoaquín (EM)

Obxectivos do Ciclo

- Resaltar os valores morais fundamentais como o respecto, a solidariedade, compañeirismo, honestidade, responsabilidade e auto-estima e o esforzo. Aplicalos no seu trato cos compañeiros/as e mestres
- Desenvolverse de forma autónoma na experiencia diaria, tanto na aula como nas saídas e excursións, establecendo relacións de grupo e valorando as relacións afectivas
- Conseguir unha participación activa e democrática tanto en actividades de pequeno grupo (debates, comentarios...) como de gran grupo (excursións) aportando os puntos de vista e intereses propios, respectando aos demais e gardando as quendas de intervención, aprendendo a baixar e normaliza-lo ton de voz.
- Fomenta-lo respecto ás distintas culturas valorando e apreciando tódalas súas diferencias
- Aprender a aplicar hábitos de saúde e benestar para acadar unha vida equilibrada, con eles mesmos e co entorno.

Saídas e actividades culturais

Participación na campaña de animación á lectura

Visitas a lugares de interese da localidade: CEDIE, Mosteiro de Xagoaza e canteira de louxa.

Saídas pola localidade a distintas exposicións e actividades programadas polas institucións locais

Participación noutros concursos que vaian xurdindo

Data de reunión dos pais/nais

Martes 20 de outubro ás 17:00 h.

Sinalar que no equipo deste ciclo realizouse a **Constitución da comisión do coordinación da avaliación de diagnóstico**, composta, tal e como recolle a lexislación, por:

- Francisco Pérez Lemos, director do centro
- Xoaquín Freixeiro Álvarez, xefe de estudos
- Natalia Longo González, xefa do departamento de orientación
- M^a del Camino, titora de 5^oB

4.5. Equipo de Normalización Lingüística

O ENDL despois de recoller as iniciativas do claustro elaborará un deseño de actividades cos

distintos equipos implicados (ENDL, Eq. Apoio Biblioteca, Eq. Docentes, Ax. 21...) e que contará coa supervisión final do Equipo Directivo.

O obxectivo que se procura con este xeito de actuar é acadar unha maior participación e implicación de toda a comunidade educativa do centro nos obxectivos da normalización lingüística.

O ENDL velará polo cumprimento deste proxecto e do PLC.

Con todo, a ausencia dunha convocatoria, por parte da Consellería, para a presentación de proxectos para a dinamización lingüística, leva a este equipo a traballar nunha situación de incerteza en relación ás actividades que poderá levar adiante por descoñecer o orzamento real do que se poderá dispoñer para a súa realización.

Vémonos na obriga de expoñer a nosa falla de conformidade ao non se ter en conta, por parte da dirección xeral de política lingüística, o calendario escolar para a convocatoria dos proxectos, eiva xa expresada por nós e outros moitos equipos en anos anteriores, e que parecía felizmente superada.

Así mesmo o Equipo quere expresar a súa preocupación pola situación que cara ao proceso de normalización da lingua se está a dar nos últimos tempos. Todos os membros do equipo, xentes con moitos anos de traballo a prol da normalización e dinamización da nosa lingua, que, ano tras ano, con moito esforzo vimos como fomos acadando, aos poucos, normalizar algunhas áreas da vida académica e administrativa do centro, e como a actitude xeral da comunidade educativa se mostraba favorable ao proceso normalizador, observamos hoxe actitudes desconsideradas e despectivas cara ao idioma. Se ben son actitudes moi minoritarias, a súa orixe, isto é, o pulo mediático e a incerteza social e política a este respecto, preocúpanos seriamente.

Pensamos que unha clarificación do plano de normalización e dos obxectivos no goberno ao respecto, axudaría enormemente na efectividade do noso traballo.

4.6. Departamento de Orientación

O Departamento de Orientación do C.E.I.P. "Condessa de Fenosa" abrangue como ámbito de actuación o propio colexio. O pasado curso, a EEI de Éntoma, conforme a nova rede de orientación marcada pola Consellería de Educación, pasa a pertencer ao DO do CEIP "Otero Pedrayo" de Viloira.

Este é o oitavo curso no que funciona o Departamento de Orientación no propio centro, estando cuberta de xeito definitivo a xefatura do mesmo.

O Departamento está composto polo profesorado de Audición e Linguaxe e Pedagogía Terapéutica, coordinadores/as de ciclo e pola xefa de departamento.

As reunións do Departamento do CEIP "Condessa Fenosa" celebráranse fóra de horario lectivo os luns de 13:30 a 14:30 horas quincenalmente.

Semanalmente o profesorado de Pedagogía Terapéutica, Audición e Linguaxe e a orientadora manteñen unha reunión de 13:30 a 14:30 horas.

A súa constitución formal con todos os membros levarase a cabo no mes de outubro.

Obxectivos xerais

Como obxectivos prioritarios para este curso destacamos os seguintes:

Dar estabilidade aos canles de funcionamento creados dentro do propio centro.

Coordinar a organización de espazos e instalacións para a orientación, a adquisición de material e de equipamento específico, velando polo seu uso correcto e conservación.

Asesorar e orientar ao alumnado, ao profesorado e ás familias para a mellora da calidade do ensino.

Apoiar os procesos de ensino-aprendizaxe, os ámbitos de apoio ás necesidades específicas de apoio educativo (NEAE) e de atención á diversidade.

Contribuír ao fomento das relacións coas familias do alumnado e con aqueles servizos e institucións que prestan atención socio-educativa e sanitaria ao noso alumnado no marco dunha

intervención multi-profesional.

Asesorar e orientar ao alumnado e ás familias nos períodos de transición.

Actividades prioritarias

A continuación se detallan as que máis nos urxen, aínda que, ao longo do curso, tentaremos de introducir algunha das suxeridas na circular 18/2007

Actuacións referidas á actualización e elaboración dos distintos documentos que integran o PEC e a PXA

Apoio ao proceso de ensino-aprendizaxe.

Detección e avaliación das n.e.a.e. do alumnado.

Deseño, en colaboración co profesorado involucrado, de medidas que favorezan a atención á diversidade e o desenvolvemento integral do alumnado.

Recollida e actualización de datos sobre o alumnado con NEAE e revisión das medidas de apoio que se están levando a cabo.

Revisión e debate dos documentos do centro, en especial do Regulamento de Réxime Interno.

Actuacións que teñen como obxecto a atención á diversidade

Favorecer a posta en práctica das medidas organizativas e curriculares de atención á diversidade que precise o alumnado.(Apoios).

Asesorar aos titores e o profesorado en xeral na cumprimento da documentación académica do alumnado, en especial do que recibe medidas de atención á diversidade.

Participación nas xuntas de avaliación trimestrais e finais.

Coordinar accións que favorezan a adaptación do novo alumnado e o tránsito do mesmo entre etapas educativas, especialmente cando implique o cambio de centro educativo (Plan de acollida e tránsito a Secundaria).

Darlle especial importancia á coordinación co Centro de Secundaria ao que estamos adscritos.

Promover actividades informativas e orientativas que impliquen ás familias e á comunidade educativa na consecución dos obxectivos educativos.

Asesorar, cando proceda, aos equipos de ciclo na elaboración das programacións curriculares.

Elaborar propostas de promoción de condutas tolerantes e mellora da convivencia no centro.

Actuacións que teñen como eixo nuclear o PAT.

Recursos

Recursos humanos

Para levar a cabo este plan contamos con todo o profesorado. É preciso facer constar que, aínda que partimos da consideración de que son os titores/as os axentes básicos de toda a actividade educativa, contamos tamén coa colaboración dos especialistas e o profesorado de apoio.

A composición do departamento de orientación do CEIP "Condessa de Fenosa" é a seguinte:

Natalia Longo González	Xefa do Departamento de Orientación
Cristina Delgado Delgado	Coordinadora de Ensino Infantil
Ana M ^a López Rielo	Coordinadora de 1º ciclo de Primaria
Miriam Álvarez Fernández	Coordinadora do 2º ciclo de Primaria
M ^a del Camino Pereiro González	Coordinador de 3º ciclo de Primaria
M ^a Carmen Fdez. Sueiras	Profesora de Audición e Linguaxe
Marta Barroso Álvarez	Profesora de Audición e Linguaxe (C)

Marta López Pájaro	Profesora de Pedagogía Terapéutica
M ^a José Martín Cruz	Profesora de Pedagogía Terapéutica
M ^a Ángeles Pestaña Barredo	Profesora de Pedagogía Terapéutica
M ^a Luz Rodríguez Freire	Profesora de Pedagogía Terapéutica

(C) Compartida co IES Lauro Olmo

Recursos económicos

Os recursos económicos do Departamento son inexistentes. Non hai unha partida específica nin para o Departamento de Orientación nin para as aulas de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe, aínda que somos centro de escolarización preferente para os nenos/as de N.E.E. Os gastos que poida haber van a cargo do orzamento xeral do Centro.

Seguimos a incidir na conveniencia da existencia dun presuposto para o mesmo.

Recursos materiais

Material bibliográfico e curricular das aulas de Pedagogía Terapéutica (PT) e Audición e Linguaxe(AL).

Material informático(CDs con programas de tratamento logopédico e con actividades curriculares)

Manual de orientación e titoría e material fotocopiado relativo a Orientación doado pola Consellería.

Recursos existentes no centro que están ao servizo de todo o profesorado: fotocopiadora, folios, encadernadora, plastificadora.

Teléfono para efectuar ou recibir chamadas internas.

Ordenador e impresora.

Arquivador con carpetas colgantes.

Andeis, mesa de despacho e cadeira.

Probas estandarizadas e coleccións de actividades de reforzo pedagóxico e logopédico.

Local e mobiliario

O Departamento dispón dun local exclusivo radicado fóra do edificio do colexio, na que antigamente era a casa do conserxe.

Nela sitúanse as aulas de Pedagogía Terapéutica, Audición e Linguaxe, Departamento de Orientación e aseo adaptado para cambios dos nenos/as con necesidades educativas especiais.

As aulas compártense entre todos os especialistas. Así mesmo utilízanse outras aulas do centro debido á imposibilidade de atender neste espazo físico á totalidade de alumnos con NEAE.

Carencias mais salientables

Resulta evidente que a inexistencia dunha dotación económica imposibilita a compra de material para o Departamento e de recursos para as aulas de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe.

Este curso reduciuse o persoal co que se estaba a traballar en cursos anteriores en Pedagogía Terapéutica. Incidir na necesidade de que isto sexa revisado cara a cursos posteriores. Como xa se especificou anteriormente este é un centro de atención preferente para alumnado con necesidades especiais, ademais é moi numeroso e escolariza moito alumnado de orixe estranxeiro.

4.7. Equipo de Apoio á Biblioteca

Neste curso escolar o EAB continuará, por terceiro ano, co plan de mellora da Biblioteca

Escolar, polo que conta cunha dotación económica, que a maiores da establecida no orzamento xeral do centro, permitirá a realización dalgunhas adquisicións importantes para a

modernización e optimización dos recursos da Biblioteca.

Os obxectivos que se marca o Equipo son os seguintes:

1.- Actuacións en relación coa organización e xestión:

Dado que no curso escolar 2008/09 realizouse a ampliación do espazo da biblioteca e, aínda que se traballou arreo na reestruturación do espazo, teremos que completar seccións que arestora só están bosquexadas, ou mesmo, conseguir unha certa mobilidade dos recursos informáticos. Así deberemos novamente axustar espazos (creación dunha **zona conta-contos** e outra de **xogos de mesa** tipo trivial), ordenar os existentes (mellora do mobiliario da **zona de lectura informal**), dotar de equipos a **zona de audiovisuais** e instalar unha **zona wifi** no espazo da biblioteca que permita o uso de equipos portátiles sen a limitación espacial dunha conexión por cable.

Noutro orde de cousas queremos incluír máis **revistas** na oferta da biblioteca, e mellorar a súa presentación no revisteiro.

2.- Actuacións en relación coa dinamización e promoción dos recursos da biblioteca, coa súa integración no tratamento do currículo e á súa contribución ao desenvolvemento das competencias básicas do alumnado:

Como actividades encamiñadas á promoción entre a comunidade escolar dos recursos da biblioteca realizaremos **guías de lectura** con recomendacións para o alumnado e/ou o profesorado así como a realización de **exposicións** coas novidades editoriais adquiridas pola biblioteca e aquelas outras realizadas con características temáticas. Tamén neste apartado continuaremos editando o **boletín da biblioteca** “o barquiño de papel”, manteremos con actividade o **Blog** “<http://condesa.blogaliza.org>” e procuraremos ampliar nel a participación do alumnado e do profesorado titor. Manteremos actividades como a **hora dos deberes**, na que se fomenta o uso da biblioteca para facer as tarefas escolares co apoio bibliográfico que supón.

Como novidade e relacionado coa integración co currículo pensamos organizar **clubs de lectura para o profesorado**. Os obxectivos que procuramos con esta iniciativa é a de seleccionar as lecturas do alumnado tras un exame rigoroso dos textos, garantindo así que os títulos elixidos para os itinerarios lectores e os clubs de lectura teñan unha mínima calidade, e que a súa temática estea en consonancia cos contidos curriculares traballados no centro.

3.- Actuacións en relación coa formación de usuarios e educación para o acceso á información (Educación documental)

Neste apartado, e como continuación do traballo emprendido neste curso, pensamos seguir elaborando dende o equipo de apoio á biblioteca materiais informáticos que contribúan á educación documental do alumnado (**webquests e procuras do tesouro**). Estes materiais elabóranse como apoio ás saídas culturais no contorno e como apoio a efemérides ou celebracións escolares.

Continuaremos así mesmo con **actividades de formación de usuarios**, tanto **presenciais** (3 sesións, unha por trimestre e curso) como **virtuais** (Jclíc de formación de usuarios). Tamén deberemos ampliar as actividades de formación co Jclíc estendéndoas as partes dos documentos (glosarios, sumarios, índices...), diferencias entre documentos (dicionarios/enciclopedias), distintos tipos de dicionarios...

Tamén queremos ampliar o número de postos de **acceso a internet** na biblioteca e regulamentar o seu uso.

Levamos anos realizando neste apartado un concurso chamado a **Olimpiada do Saber** que pensamos continuar no segundo trimestre do vindeiro curso escolar, se ben establecendo varias modalidades de concurso atendendo aos distintos niveis do alumnado.

Por último sinalar que contamos cunha boa cantidade de alumn@s, de 4º, 5º e 6º curso

que se desempeñan moi ben coas responsabilidades de xestión da biblioteca e pensamos que podería ser unha moi boa estratexia que eles vaian asumindo, como **axudantes de biblioteca**, o ensino das normas da biblioteca ao resto do alumnado.

4.-Actividades en relación co fomento da lectura e co desenvolvemento do Proxecto Lector do Centro.

En relación ao fomento do hábito e da eficacia lectora, pensamos basicamente manter as actividades que levamos realizando dende hai anos, introducindo, iso si, algunhas delas variantes que pensamos poden mellorar a súa eficacia.

Programa de lectura silenciosa sostida; este programa comezou este ano cun grande éxito e unha aceptación xeneralizada entre o alumnado e o profesorado do centro, estando organizado de tal xeito que todo o colexio á entrada da mañá realiza 15 minutos de lectura mentres a megafonía pon música ambiental. O horario transformouse pasando as clases da mañá de 60 a 55 minutos de duración, co que a perda de horario nas distintas materias minimízase totalmente sen que ningunha saia perxudicada.

Trataremos de que no curso que ven, os alumn@s de 3º ciclo puidesen non só ler, senón que puidesen compartir os títulos das súas preferencias mediante unha gráfica que exprese as súas lecturas e o nivel de satisfacción das mesmas.

Vaile co conto ao profe; actividade realizada no recreo e na que un profesor sitúase nunha posición de dispoñibilidade para aqueles alumn@s que queiran ler en voz alta. Haberá que estudar a posibilidade de reservar un día á semana para lecturas do ciclo de ensino infantil, con lecturas de imaxes, pictogramas...

Os Martes...conto: Esta actividade funcionou este ano de xeito esporádico, non programado, dado que coas obras de ampliación da biblioteca non se puido publicitar entre as familias do alumnado de infantil. Esta é unha das actividades que temos pensado retomar neste vindeiro curso dándolle maior importancia á participación e presenza das familias. Incluso, pensamos, pódese tentar ampliar esta presenza a outras datas sinaladas (día do libro, día das letras...)

Conta contos: Estas actividades serán traballadas como todos os anos coa colaboración das editoriais coas que traballamos no centro.

A Procura do Tesouro: Actividade de enigmas, conta contos, procura de tesouro no patio, ambientación de espazos da escola... este é un clásico dende hai varios anos que haberá que repetir con pequenas variantes.

Carnés de lectores: O alumnado de infantil leva un sistema de contabilidade dos libros lidos en empréstanos da biblioteca que, acadado un certo número, fannos acredores dun carné ao mellor lector. É un sistema que dá bos resultados en canto á motivación do alumnado e que pensamos continuar no próximo curso.

No recreo cos máis pequenos: Pensamos que é positiva a relación que algún alumnado dos últimos anos teñen cos máis pequenos do colexio, así que cremos que se debería acondicionar un espazo cómodo na biblioteca onde, por quendas, estes alumn@s colaborador@s poidan ler contos aos pequenos.

Clubs de lectura: Como terceiro ano pensamos seguir co traballo dos clubs, aos que as reformas na súa organización neste segundo ano de actividade foron moi positivas. Por último, e en relación co **Proxecto Lector de Centro** pensamos que se debe acometer unha reforma do documento actual no que se inclúan moitas das actividades que foron xurdindo nos últimos anos, así como introducir as reformas de itinerarios lectores e algunhas actividades alí recollidas.

5.- Outras actuacións.

Pensamos que realizar unha **guía de benvida** da biblioteca para todo o alumnado de nova incorporación, así como ao profesorado novo no centro. Nesta guía incluíriase os servizos, normas, enderezos da web e do blog, normas para a participación nestes

espazos... Deste xeito a integración deste alumnado, e o aproveitamento didáctico destes servizos poda ser moito mellor.

Tamén queremos poñer en marcha definitivamente o **club de escritores**, que seguindo as liñas metodolóxicas da gramática da fantasía de Rodari estimule a creatividade e, asemade, os aspectos técnicos da narración e a mellora da ortografía do alumnado.

Se deberá revisar tamén a **páxina web** da biblioteca, sobre todo nos apartados de conta contos e na consulta do catálogo.

6.-Criterios e procedementos de avaliación

A avaliación do proxecto será **permanente** ao longo de todo o proceso, introducíndose as modificacións que sexan pertinentes co fin de garantir o mellor funcionamento posible de todas as actividades.

Con todo realizarase unha **avaliación inicial** para o que empregaremos dous medios:

- Realización pola orientadora do centro dunha proba de capacidade lectora nunha mostra representativa do alumnado.
- Realización dunha enquisa sobre o coñecemento, interese que desperta neles, e grao de implicación do profesorado nas actividades do PLC e no funcionamento da Biblioteca Escolar.
- Unha enquisa nunha mostra representativa do alumnado cos mesmos items cá do profesorado.

Ao remate do curso escolar realizarase unha **avaliación final** na que se volverán realizar as probas e enquisas mencionadas, valorándose nelas as posibles melloras en eficacia lectora, en coñecemento e implicación nas actividades promovidas polo PLC.

Se fomentará a participación do alumnado e do resto do profesorado mediante unha **caixa de suxestións**, e coa inclusión nas ordes do día das **reunións de ciclos** de aspectos avaliativos a respecto do funcionamento da biblioteca.

Por último sinalar algúns **indicadores** que se terán en conta á hora de valorar o funcionamento e aceptación da comunidade deste programa de actividades:

- 1.Número de empréstanos realizados pola biblioteca central ao alumnado.
- 2.Número de empréstanos realizados polo profesorado (bibliotecas de aula)
- 3.Número de alumn@s asistentes aos clubs de lectura e escritura.
- 4.Porcentaxes de participación na Olimpíada do Saber
- 5.Aumento da eficacia lectora no alumnado.
- 6.Calidade dos traballos realizados como froito das tarefas de investigación
- 7.Número de profesorado implicado nas distintas actividades da biblioteca.

7.- Persoa designada como responsable/dinamizadora da biblioteca escolar.

A persoa designada como responsable da Biblioteca escolar será Xoaquín Carlos Freixeiro Álvarez, actual encargado da mesma.

Dado que a meirande parte dos membros do equipo de apoio á biblioteca son profesionais con destino definitivo neste centro, a súa composición tampouco variará moito e se asegura así unha continuidade no traballo que resulta moi interesante, dado o gran traballo que tod@s @s compoñentes adican ás tarefas de biblioteca.

4.8.Comisión Ambiental

Durante este novo curso, dende o grupo dinamizador da Axenda 21 Escolar de Galicia, buscamos darlle continuidade aos proxectos de anos anteriores e un novo pulo á participación do alumnado a través da posta en marcha das actividades de compostaxe, recollida selectiva, participación en Voz Natura, etc..., co fin de conseguir un cambio de actitude nos alumnos/as e en xeral en todos os membros da nosa comunidade educativa.

Entre os obxectivos que se marca a comisión están os seguintes:

- Implicar a toda a comunidade escolar (incluíndo nais/pais e alumnos/as) na xestión ambiental do centro.
- Desenvolver a axenda 21 escolar como paso fundamental no ensino dun consumo enerxético sustentable e razoable.
- Desenvolver o espírito de respecto cara a natureza e o de co-responsabilidade no coidado do planeta.
- Incorporar os programas da Axenda 21 aos diferentes documentos do centro, como a documentación de Acollida.
- Elaborar un manual coas distintas actividades da Axenda 21 para repartir entre todos os membros da comunidade educativa.
- Continuar traballando e mellorando as distintas actividades postas en marcha.
- Estudar propostas para diminuír o ruído ambiental
- Comprobar a boa marcha do proxecto e avaliar en distintos momentos do proceso a súa efectividade introducindo as medidas correctoras pertinentes.
- No marco do programa de Voz Natura recuperar un dos patios interiores do colexio para a posta en marcha dunha horta escolar.

4.9 Educación Religiosa: Relixión Católica

Este ano, ao igual que sucedeu no anterior, as clases de relixión católica no ensino primario serán impartidas por Nicolás Martínez Asenjo.

Xunto a el, e compartida cos colexios Otero Pedrayo e Julio Gurriarán da nos mesma localidade, a profesora de relixión, M^a José Gómez Alvite adscrita ao Ceip Otero Pedrayo, imparte aulas de relixión católica nos seis cursos de ensino infantil.

OBXECTIVOS XERAIS:

- Fomentar a maduración e a responsabilidade do alumno, o exercicio da solidariedade e o amor cara as persoas.
- Entende-lo sentido da vida humana.
- Descubrir os valores fundamentais da convivencia humana: tolerancia – respecto – liberdade – perdón –xustiza-convivencia – respectar as ideas dos demais.
- Descubrir o interese que a Creación é obra de Deus.

Obxectivos de ciclo :

Obxectivos para o **primeiro ciclo**

- Fomentar as relacións cos compañeiros, respectando a opinión dos demais.
- Aceptar cada persoa como é.
- Inculcar valores de respecto – solidariedade e auto-estima.

Obxectivos para o **segundo ciclo**:

- Valorar e recoñecer que pertence a unha familia.
- Valorar os xestos de persoas que lle axudan a medrar.
- Progresar na linguaxe bíblica-simbólica.
- Relacionar e clasificar textos bíblicos.
- Celebrar a ledicia pola obra creadora de Deus.

Obxectivos para o **terceiro ciclo**:

- Que o alumno sexa quen de obter información sobre diferentes manifestacións culturais e relixiosas do seu contorno.
- Recoñecer as expresións cristiás nas obras de arte.
- Diferenciar os templos relixiosos cristiáns e os das cinco grandes relixións.

- Tamén diferenciar os seus libros sagrados.
- Saber relacionar un libro do Antigo Testamento e do Novo Testamento.
- Saber cales son os personaxes máis importantes do Antigo Testamento: Abraham – Moisés – David etc..

5. Organización do centro

5.1. Organización do profesorado

Equipo de Ensino Infantil

Curso: Infantil 3 anos A Infantil 3 anos B Infantil 4 anos A Infantil 4 anos B Infantil 5 anos A Infantil 5 anos B Apoio infantil (psicm) Apoio infantil	Coordinador: Cristina Delgado Delgado Fe P. Yebra Andrea Tato Marta Moreira Rosa Pardo Cristina Delgado Sonia González Diana Domínguez Remedios González
---	---

Equipo de 1º Ciclo de Primaria

Curso: 1ºA 1ºB 2ºA 2ºB 2ºC Música Educación Física Lingua e Cultura Portuguesa	Coordinadora: Ana Mª López Rielo Rosa Varela Aurea Ochoa Mª Carmen García Mª Encarnación Moldes Ana Mª López Rielo Xoaquín Freixeiro Pilar Santás Joaquim Ferreira
---	---

Equipo de 2º Ciclo de Primaria

Curso: 3ºA 3ºB 4ºA 4ºB Educación Física Relixión Católica Lingua Inglesa	Coordinadora: Mirian Álvarez Mª Consuelo Ares David Vázquez Elisa Puente Consuelo González Modesto Rodríguez Nicolás Martínez Mirian Álvarez
--	--

Equipo de 3º Ciclo de Primaria

Curso: 5ºA 5ºB 6ºA 6ºB Inglés Matemáticas	Coordinadora: Mª del Camino Pereiro Francisco J. García Mª del Camino Pereiro Concepción Moldes Luisa Mª Arias Manuel Fco. Gómez Francisco Pérez
--	---

Equipo de Orientación

Curso: AL AL (Compartida) PT PT PT PT Orientadora	Coordinadora: Natalia Longo Mª Carmen Fernández Marta Barroso Mª Ángeles Pestaña Mª José Martín Marta López Mª Luz Rodríguez Natalia Longo
---	--

Comisión de Coordinación Pedagógica

Ensino Infantil 1º Ciclo 2º Ciclo 3º Ciclo Xefatura de Estudos Orientación Activ. Comp. e Extraescolares Equipo de Normalización	Cristina Delgado Ana Mª López Mirian Álvarez Mª del Camino Pereiro Xoaquín Freixeiro Natalia Longo Modesto Rodríguez Mª Encarnación Moldes
---	---

Equipo de normalización lingüística

Ensino Infantil 1º Ciclo 2º Ciclo 3º Ciclo	Coordinador: Mª Encarnación Moldes Marién Moldes Xoaquín Freixeiro Mª Consuelo González
---	---

Equipo de apoio á biblioteca

Ensino Infantil	Coordinador: Xoaquín Freixeiro Sonia González M ^a Carmen García Xoaquín Freixeiro Consuelo González M ^a Carmen Fernández Ángeles Pestaña
1º Ciclo	
2º Ciclo	
3º Ciclo	
Eq. Or.	

Comisión Ambiental

Ensino Infantil	Coordinador: Marién Moldes Rosa Varela Aurea Ochoa Xoaquín Freixeiro Modesto Rodríguez Francisco Pérez Consuelo Ares
1º Ciclo	
2º Ciclo	
3º Ciclo	

5.2.Organización do alumnado

O agrupamento dos alumnos/as realizarase por orde alfabética, evitando sempre o agrupamento por coñecementos, rendimento e nivel intelectual, sen menoscabo da necesaria flexibilidade e heteroxeneidade.

Con todo recoméndase, atendendo a razóns psicopedagóxicas, a escolarización en grupos distintos dos irmáns xemeos.

Se no momento de se incorporar ao centro no nivel de ensino infantil, fose necesario agrupar a alumnos de idades distintas, consideraremos como factor determinante a data de nacemento.

Dado que as novas directrices da Consellería eliminan a posibilidade de elección de aula en función da lingua, o criterio de selección en función da lingua elixida polos pais que houbo en anos anteriores nos que se ofertaba unha liña en castelán e outra en galego, desaparece.

Distribución dos alumnos

Ensino Infantil		1º ciclo primaria		2º ciclo primaria		3º ciclo primaria	
EI3aA	21	1ºA	21	3ºA	21	5ºA	27
EI3aB	20	1ºB	20	3ºB	20	5ºB	26
EI4aA	18	2ºA	18	4ºA	23	6ºA	20
EI4aB	18	2ºB	20	4ºB	25	6ºB	21
EI5aA	17	2ºC	18				
EI5aB	18	Total	97	Total	89	Total	94
Total EI	112	Total Ensino Primario: 280					
Total alumnado do centro 392							

5.3.Órganos de goberno**5.3.1.Órganos unipersoais**

Cargo	Nome	Horario de atención ao público
Dirección	Francisco Pérez Lemos	Tódolos días de 11:10 a 12:05
Xefatura de Estudos	Xoaquín Freixeiro Álvarez	Tódolos días de 10:00 a 11:10
Secretaría	David D. Vázquez Álvarez	Tódolos días de 12:35 a 13:30

5.3.2.Órganos Colexiados

Consello escolar	
Director	Francisco Pérez Lemos
Xefe de estudos	Xoaquín Freixeiro Álvarez
Secretario	David D. Vázquez Álvarez
Representantes dos mestres	Consuelo Ares Rodríguez M. Francisco Gómez Vidal Aurea Ochoa Ochoa M ^a Ángeles Pestaña Barredo M ^a Consuelo González Rodríguez
Representantes dos pais/nais	Juan Ruíz González Laura Blanco Plácido M ^a Pilar Rodríguez Pérez Natalia Miragaya Cotado
Representantes do persoal non docente	
Representante do concello	Natalia Álvarez Diéguez

Calendario de reunións: Reunirse cando menos unha vez por trimestre.

Claustro de profesores**Ensino infantil:**

Fe P. Yebra
 Andrea Tato
 Marta Moreira
 Rosa Pardo
 Cristina Delgado
 Sonia González
 Diana Domínguez
 Remedios

1º Ciclo de Ensino Primario

Rosa Varela
 Aurea Ochoa
 M^a Carmen García
 M^a Encarnación Moldes
 Ana M^a López
 Xoaquín Freixeiro
 Pilar Santás
 Joaquím Ferreira

2º Ciclo de Ensino Primario

Consuelo Ares
 David Vázquez
 Pilar Puente
 Consuelo González
 Modesto Rodríguez
 Nicolás Martínez
 Mirian Alvarez

3º Ciclo de Ensino Primario

Francisco J. García
 M^a del Camino Pereiro
 Concepción Moldes
 Luisa M^a Arias
 Manuel Fco. Gómez
 Francisco Pérez

Equipo de Orientación

M^a Carmen Fernández
 Marta Barroso
 M^a Ángeles Pestaña
 M^a José Martín
 Marta López
 M^a Luz Rodríguez
 Natalia Longo

Calendario de reunións:

O Claustro de profesores reunirse cando menos unha vez ao mes

O profesorado atenderá a pais/nais tódolos martes de 17:00 a 18:00 h. preferentemente solicitando previamente a cita.

6. Organización de recursos

Espazos	
Biblioteca	Localizada na planta baixa do edificio central, úsase para lectura en sala, empréstamo, actividades de animación á lectura (os martes conto, vailla co conto ao profe), traballos de investigación (a hora dos deberes). Dánse nela clases de alternativas á relixión e ten un horario para o seu uso didáctico polos distintos titores (sesións de escritura creativa e lecturas colectivas). Neste curso, e aproveitando a maior dispoñibilidade de espazos do colexio por mor das obras de ampliación do mesmo, a biblioteca vai duplicar o seu espazo físico ao absorber a antiga aula de música. Con esta ampliación preténdese paliar os problemas de uso como recurso didáctico, lúdico e de acceso aos fondos polos usuarios da mesma que ata o de agora existían.
Aula de informática	Con 25 ordenadores conectados en rede, e situada no primeiro andar do edificio central, úsase para clases de iniciación á informática de 5º e 6º curso. Úsase así mesmo como recurso didáctico polos distintos titores para traballar temas curriculares no horario dispoñible.
Aula de psicomotricidade	Situada na planta baixa, ao fondo do salón de actos, esta aula está equipada para a realización de actividades de psicomotricidade cos alumnos de infantil, ademais de se usar para realizar apoios psicomotrices a alumnos/as con discapacidade.
Aula de inglés	Recuperada grazas á ampliación do colexio, a aula de idiomas pasa a se situar no primeiro andar do edificio, xunto á aula de informática e de música. Non todas as clases de idiomas se poden dar nesta aula (hai un total de 41 horas de idioma incluída a anticipación en infantil, por un máximo de 25 horas de ocupación) polo que se priorizou o seu uso para os cursos máis altos. Dotouse de ordenador, proxector, pantalla e sonorización.
Aula de lingua e cultura portuguesa	No segundo andar do centro, nunha das tres aulas pequenas construídas na ampliación do centro, está situada esta aula, adicada ao ensino desta materia optativa, na que participan alumnos/as procedentes de Portugal e Brasil, a máis doutros alumnos/as que sen ser orixinarios destes países voluntariamente se acollen a este programa.
Salón de actos	Equipado con materiais audiovisuais, megafonía e escenario encóntrase na planta baixa do edificio. A máis de se empregar para a realización de festivais (nadal, letras galegas, teatro...) conta cunha aceptable programación de conferencias, proxección de vídeos educativos, exposicións.
Pavillón multiusos	Empregado para as clases de Educación Física de primaria, tendo unha hora que usarse compartida por dúas aulas (26 horas semanais de Ed. Física, por 25 de uso máximo). En horario de recreo, e baixo a supervisión do profesor Modesto Centrón, realízanse actividades lúdico-deportivas.
A casíña	Edificio anexo ao colexio, antiga casa do conserxe, está equipado cunha casa de baño adaptada para as necesidades especiais dos alumnos/as con NEE. Neste edificio hai catro aulas (3 de PT e unha de AL) a máis do despacho da orientadora, no que se pretende colocar unha dependencia da biblioteca onde se concentre a bibliografía relativa a temáticas educativas. Dado o número de casos de alumnos con necesidades educativas especiais, e dentro deles, os que cómpren de aula específica, o espazo volveuse totalmente insuficiente para as necesidades do centro. Para resolver este problema habilitáronse aulas para PT e AL na ampliación do segundo andar do edificio principal, unha como aula específica de PT e outra compartida como almacén de material didáctico e para desdobres nas horas de alternativas á relixión.

Espazos	
Local ANPA	Este pequeno cuarto, nun principio o camerino do escenario do Salón de actos, dispón de dous ordenadores para uso do profesorado, dotado de impresora e escáner. Nel realizan as súas reunións e traballos os pais/nais da ANPA do centro.
Aula de Música	Situada no primeiro andar, canda as aulas de inglés e informática, conta dunha dotación de instrumentos Orff, radiocasette con CD, teclado, pizarra con pentagramas, illamento acústico...
Aula Material Didáctico	Unha das aulas da ampliación do 2º andar do edificio vaise adicar como almacén dos recursos didácticos do colexio (balanzas, regras, mapas, láminas educativas, homes clásicos...). Tamén se emprega para desdobres en atención educativa e para clases de PT e AL.
Cuarto das coidadoras	Debido ao incremento dos nenos e nenas con discapacidade, habilitouse a antiga aula de portugués, na planta baixa do colexio, como espazo de almacenamento do material das coidadoras para a atencións do alumnado con NEE.

7. Programa anual de actividades complementarias e extraescolares

7.1.Actividades complementarias

Coordinador : Modesto Rodríguez Centrón

Mes	Ano	Actividade
novembro	2009	Celebración da festa do Magosto e Samaín
decembro	2009	Festival de Nadal
decembro	2009	Participación en festivais de panxoliñas
xaneiro	2010	Celebración do Día da Paz
febreiro	2010	Celebración do Entroido
marzo	2010	Celebración do día da árbore
abril	2010	Celebración do día do Libro
maio	2010	Semana das Letras Galegas
maio	2010	Actividades lúdico-deportivas
xuño	2010	Festa fin de curso
xuño	2010	Exposición de Traballos Manuais
todo o curso	2009/2010	Xornadas medio-ambientais
primavera	2010	Visitas de Estudos
todo o curso	2009/2010	Plan de mellora da Biblioteca
todo o curso	2009/2010	Participación na axenda 21

7.2.Actividades extraescolares

Realízanse no antigo almacén de material deportivo (antes da inauguración do pavillón multi-usos), e na aula de psicomotricidade, sendo promovidas pola ANPA coa colaboración do coordinador de actividades extra-escolares.

A definición das actividades a realizar, os seus profesores e os horarios determínanse ao longo do mes de outubro, e dan inicio no de novembro.

8. Listado de libros de texto

<i>Libros de texto de ensino infantil</i>		
	Título	Editorial
	Nº1 Un restaurante na aula	Everest
	Nº3 Os animais do mundo	Everest
	Nº 4 Coido a miña saúde	Everest
	Oxford Playschool Starter Classbook	Oxford
	Nº2 Unha feira multicolor	Everest
	Nº3 Os animais do mundo	Everest
	Oxford Playschool A Class Book	Oxford
	Caldeirón Matemáticas 2	Anaya
	Caldeirón Grafomotricidade 2	Anaya
	Mas que palabras Nivel 2	SM
	Nº2 Unha feira multicolor	Everest
	Nº 3 Os animais do mundo	Everest
	Nº5 Descubrindo a arte	Everest
	Más que palabras	SM
	Oxford Playschool B Class Book	Oxford
<i>Libros de texto de primeiro ciclo de primaria</i>		
	Título	Editorial
1º curso	Tira da lingua 1	Anaya
	Tira da lingua 2	Anaya
	Tira da lingua 3	Anaya
	Lengua 1	Anaya
	Surprise 1 Class Book	Oxford
	Surprise 1 Activity Book	Oxford
	Alicia sabe voar	Anaya
	Nazaret – Religión Católica 1	Santillana
2º curso	Tira da lingua 4	Anaya
	Tira da lingua 5	Anaya
	Tira da lingua 6	Anaya
	Lengua 2	Anaya
	Surprise 2 Class Book	Oxford
	Surprise 2 Activity Book	Oxford
	Nazaret – Religión Católica 2 -	Santillana

Libros de texto de segundo ciclo de primaria		
	Título	Editorial
3º curso	Cofecemento do medio 3	Anaya
	Lingua 3	Anaya
	Lengua 3	Anaya
	Matemáticas 3	Anaya
	Surprise 3 Class Book	Oxford
	Surprise 3 Activity Book	Oxford
	Religión Católica 3 -	Santillana
	El Arca de los Cuentos 3	Vicens Vives
4º curso	Cofecemento do medio 4	Anaya
	Lingua 4	Anaya
	Lengua 4	Anaya
	Matemáticas 4	Anaya
	Surprise 4 Class Book	Oxford
	Surprise 4 Activity Book	Oxford
	Religión Católica 4	Santillana
	El Arca de los Cuentos 4	Vicens Vives

Libros de texto de terceiro ciclo de primaria		
	Título	Editorial
5º curso	Cofecemento do Medio	Rodeira
	Abre la Puerta	Anaya
	Abre a Porta	Anaya
	A Casa do Saber (matemáticas)	Obradoiro
	Surprise 5 Class Book	Oxford
	Proyecto Dinorah	Edelvives
	Surprise 5 Activity Book	Oxford
	Plástica 5 –	Anaya
6º curso	Cofecemento do Medio	Rodeira
	A Casa do Saber (matemáticas)	Obradoiro
	Abre a porta	Anaya
	Abre la Puerta	Anaya
	Proyecto Dinorah	Edelvives
	Surprise 6 Classbook	Oxford
	Suprise 6 Activity Book	Oxford
	Ed. Para a Cidadanía – Galicia	Anaya
	Plástica 6 –	Anaya

9. Plan para a realización do transporte escolar e o regulamento da organización do servizo de comedor.

9.1. Transporte escolar

EMPRESA	ITINERARIO	PARADA
ATVISA	N. 1	Veigamuíños,
	N. 2	Vilariño, Soulecín, A Proba
	N. 3	O Castro, Outarelo, Vilanova, A Cerámica, As Monxas
AUPSA	N. 4	Alixo, Raxoá, Millarouso, Coedo
	N. 5	Santa Mariña, Cesures, Vales, Arnado, Vilabril, Santigoso
	N. 6	Éntoma, O Cemiterio, Ucediños
Perfecto Núñez	N. 7	Xagoaza, Tremiñá

Neste curso, todas as liñas do transporte escolar contan con coidadoras que aseguran a posibilidade de transporte dos alumnos e alumnas de 3 anos.

Debido á incorporación de alumnado procedente dos lugares de Xagoaza e Tremiñá abriuse unha nova liña atendida pola empresa de transporte Perfecto Núñez.

9.2. Comedor escolar

Persoal

O persoal encargado do Comedor do C.E.I.P. "Condessa de Fenosa" está integrado por:

O **director** do centro, Francisco Pérez Lemos, que supervisa o funcionamento.

A **encargada de comedor**, Natacha Longo González, que organiza o servizo de comidas

O **persoal colaborador** composto por:

- As nais colaboradoras, que atenden as necesidades que xorden no tempo de comedor, e que velan porque se cumpran as normas.

- Os nenos /as de 5º e 6º usuarios do comedor, como axudantes.

O **persoal laboral** composto por unha cociñeira e tres axudantes de cociñeira.

Monitores especializados para levar a cabo as actividades extraescolares ofertadas pola A.N.P.A.

Dúas **auxiliares técnico educativas**, que atenden ás necesidades dos nenos/as con n.e.e. ao seu cargo.

Neste curso resultou imposible incorporar a totalidade do alumnado que fixo solicitude, posto que se superaba o número de prazas. As únicas incorporacións foron as do alumnado de transporte, atendendo na concesión das solicitudes á orde de prioridade marcada na lexislación vixente.

Funcionamento

O servizo de comedor escolar é de luns a venres en horario de 13.30 a 15.30 e desde as 14:15 ata as 15:15 (no caso de xornada única nos meses de xuño e setembro).

Todo o alumnado usuario do servizo come nunha única quenda en torno ás 13:30, despois de deixarlle uns minutos para lavar as mans e utilizar o servizo. Unicamente os alumnos/as de 5º e 6º

que axudan a servir as mesas comen posteriormente ao mesmo tempo que o profesorado usuario do comedor.

As nais colaboradoras comen antes de comezar o servizo de comidas co fin de poder axudarlle aos nenos/as usuarios do comedor durante a comida e o tempo inmediatamente anterior e posterior á mesma.

Para a realización das minutas de Comedor e dos Cadernos Informativos seguimos a contar coa colaboración dun pediatra do Centro de Saúde do Barco. Así mesmo e, dende a creación da Web do colexio, os menús son accesibles dende internet.

Seguimos a ser colexio colaborador no **Programa Educativo 5 ao día** pertencente á Campaña de Promoción do Consumo de Froitas e Hortalizas Frescas no Mercado Interior. Por este motivo desde o colexio promoveremos o consumo diario de ao menos 5 racións de froitas e hortalizas frescas entre a poboación escolar, tentando ao mesmo tempo de concienciar ao alumnado sobre os beneficios que comporta para a saúde.

Tamén participamos no **Programa Educativo Uhhh.. peixe** pertencente á Campaña de Promoción de Consumo de peixe entre os nenos/as galegos deseñada pola Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, en colaboración cos departamentos de Educación e Sanidade da Xunta de Galicia, na que o apartado lúdico continúa sendo o grande protagonista.

En canto ao funcionamento do servizo de Comedor, a normativa básica contéplase no Plan de funcionamento do mesmo, baseado no marco do **Decreto 10/2007, do 25 de Xaneiro**, polo que se regula o funcionamento dos Comedores escolares nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Así mesmo baséase no cumprimento das esixencias establecidas na **regulamentación técnico - sanitaria para comedores colectivos**.

Normas de comportamento do alumnado

Dentro do edificio:

Desprazarse andando. Non correr dentro do edificio.

Permanecer na planta baixa.

Non quedar nas aulas se non é coa presenza dun profesor.

Respectar e coidar as instalacións.

Respectar o silencio dentro do edificio. Falar cun volume de voz adecuado.

Utilizar as papeleiras.

Permanecer nos aseos o tempo necesario. Non son lugares para xogar.

No patio:

Respectar e coidar as instalacións

Permanecer sempre no recinto escolar. Non se pode saír á rúa sen autorización.

Non colgarse das porterías deportivas para evitar accidentes.

Utilizar as papeleiras

No comedor:

Entrar en silencio e colocarse sempre no mesmo sitio, salvo cambio autorizado por unha coidadora ou profesor/a.

Falar baixo durante a comida, sen gritar, e prestar atención ás indicacións.

Comer un pouco de todo, sen desperdiciar comida.

Procurar comer utilizando correctamente o cuberto, evitando falar coa boca chea.

Repetir do 1º e 2º prato, sempre que coman de ambos e permítano as existencias da cociña.

Non levantarse da mesa sen autorización.

Os alumnado de maior idade axudará a comer aos pequenos/as da súa mesma mesa se así o precisan. Ademais servirán o comedor, seguindo as instrucións e quendas organizadas pola profesora encargada.

Facer saber ao encargado da súa mesa as incidencias que ocorran na mesma se este non as advertiu.

Evitar tirar ao chan cubertos ou restos de comida. Se o fixeron haberán de recollelos antes de marcharse.

Non entrar na cociña. A comunicación coas cociñeiras ha de realizarse pola fiestra de servizo.

Efectuar a saída de modo organizado seguindo as indicacións do persoal de atención e vixilancia.

Obedecer ao persoal de vixilancia e tratalo co respecto debido.

Na biblioteca:

Respectar o silencio dentro dela. Non é lugar de xogos bruscos.

Deixar no sitio indicado os libros logo de utilizalos.

Deixar o mobiliario ordenado ao saír dela.

Utilizar as papeleiras.

A utilización do servizo de comedor supón a aceptación e cumprimento de todas estas normas.

Ante o incumprimento das normas falarase co neno/a. Tratarase que comprenda que a súa actuación é inadecuada e pediráselle que rectifique. Procurarase que asuma as consecuencias das súas actuacións e ofreceránselle condutas alternativas. Habitualmente serán as coidadoras as encargadas de manter a orde, a convivencia e a disciplina no comedor escolar. Nos casos nos que o diálogo non sexa suficiente, poderase impor medidas correctoras como apartar ao neno/a da súa mesa durante un tempo ou privar ao neno/a do recreo ou actividade posterior á comida. Ningún comensal poderá ser sancionado privándolle de toda ou parte da minuta do día.

O alumnado comensal que manteña unha conduta negativa será sancionado polo equipo de Comedor. Se a falta é reiterada ou grave será sometido ao criterio do director e da encargada de comedor, podendo perder temporalmente ou de forma definitiva o seu dereito ao uso do comedor.

Obxectivos xerais do comedor escolar

O comedor escolar é un espazo educativo onde os nenos/as aprenden hábitos alimenticios e normas de comportamento social na mesa. Este espazo permite, de forma efectiva e racional, aprender a comer.

No Comedor Escolar foméntase unha actitude positiva cara unha alimentación saudable, partindo do estímulo que xera a aceptación das comidas por parte dos outros compañeiros/as.

No Comedor Escolar do CEIP "Condessa de Fenosa" tentaremos de :

Potenciar unha oferta apetitosa, variada e de boa presentación, onde estean presentes factores culturais da nosa comunidade (orellas, ovos de Pascua, Aguinaldo).

Incluír alimentos de todos os grupos para favorecer a dixestión e o contacto cos mesmos.

Buscar a variación na cor, textura e métodos de cociñado.

Valorar aspectos relacionados coa satisfacción do "comer con gusto", de compartir e comunicarse.

Proporcionar a toda a Comunidade Educativa, na medida das posibilidades, un servizo básico e cotián que facilite a conveniencia do traballo diario.

Aproveitar os procedementos establecidos pola Administración para ofrecer un servizo asistencial a determinados casos cun medio socioeconómico desfavorable.

Atender ca mesma eficacia en canto a servizo alimentario, educativo e da saúde, na medida dos recursos cos que contamos, ao alumnado con alerxias, discapacitado ou que proveña doutras culturas.

Obxectivos específicos do comedor

Subministrar un menú gastronómico a medio día equilibrado, variado e completo.

Promover valores de respecto, urbanidade, valoración do traballo dos demais, uso de utensilios en función da súa estrita finalidade, aceptación mutua, compañeirismo e comprensión das

vantaxes dunha boa relación na mesa.

Promover hábitos adecuados en torno ao servizo, manipulación hixiénica dos alimentos, dominio dos xestos, da voz e do propio corpo para garantir a urbanidade adecuada no acto alimenticio.

Promover diferentes habilidades: uso específico e efectivo dos cubertos, coñecemento dos alimentos, das propiedades nutritivas dos mesmos e das conveniencias mais saudables.

Organizar o tempo de lecer como un espazo educativo de actividades non derivadas das propias obrigacións escolares: xogo libre, biblioteca, xogos de mesa, pintura...

Fomentar a participación nas actividades en grupo respectando ás persoas, as normas, os materiais e os espazos.

Para acadar estes obxectivos potenciase o traballo de determinadas normas como por exemplo: deixar a mesa ben recollida, utilizar ben os cubertos, lavar as mans previamente á comida ou falar en voz baixa.

Canles de información

- Profesorado: Taboleiros informativos, reunións...
- Pais e nais: Cadernos de pais e nais
- Nenos/as: Taboleiros informativos do comedor, cadernos e avisos directos.

A través dos Cadernos de Pais e Nais tentamos de dar a coñecer comportamentos alimentarios que permiten un estilo de vida saudable e de mandar información sobre temas de interese relacionados coa alimentación: combinación de determinados alimentos, eliminación de produtos de pastelería e relegación do seu consumo para ocasións especiais, etc.

Instalacións do comedor e necesidades do mesmo

En cuanto ás instalacións do Comedor e mantemento das mesmas durante este curso realizáronse xa algunhas melloras que quedarán pendentes do curso pasado:

Melloras realizadas

- Recambio das pezas de enxoval
- Compra de aparellos para a cociña.
- Recambio dos manteis daquelas mesas de Comedor que o necesitan.

10.- Presuposto do centro

Conceptos	Ingresos	Gastos
Consellería de Educación	40000	
Reparación e conservación de mobiliario e enseres		4000
Mantenemento e adquisicións da aula de informática		4000
Material de oficina		5000
Subministracións		10000
Comunicacións		2000
Excursións		1000
Biblioteca		6000
Gastos diversos		8000
Totais ingresos e gastos	40000	40000

Esta Programación Xeral Anual foi aprobada polo Claustro e Consello Escolar de Centro

Vº e Prace

O Director

A inspectora de zona